

Dspace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

M. Álvarez de la Granja (2008): “Os antropónimos figurados valorativos. Caracterización e uso (II)”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 367-376.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

OS ANTROPÓNIMOS FIGURADOS VALORATIVOS. CARACTERIZACIÓN E USO (II)¹

María Álvarez de la Granja

ILG – UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tal e como se indica na primeira parte deste traballo (vid. nota 1), o obxectivo do presente estudo é a análise dos *antropónimos figurados* usados para a caracterización humana, antropónimos que admiten a determinación mediante o artigo indefinido (*un casanova, un xudas*), onde o artigo funciona como “marca de referencia de clase” (Álvarez / Xove 2002: 454) (*un xudas*: ‘persoa que pertence á clase dos traidores’), onde o referente é humano e ao que se lle confire “un contido descritivo que serve como prototipo de una determinada característica” (Cabré et alii 2000: 14). Ademais, o corpus (vid. o Apéndice na primeira parte) está formado só por unidades lexicalizadas, fixadas na memoria dos falantes e, daquela, merecentes de figurar no dicionario. Se na primeira parte me centrei na análise da fixación, figuración e motivación destas unidades, desta volta o obxectivo do estudo será en primeiro lugar, a súa orixe e semántica, para a seguir abordar o seu uso: estudarei concretamente a posibilidade de apareceren en estruturas comparativas e o seu comportamento canto á variación xenérica.

Orixe e significado

Na seguinte táboa ordénanse as expresións constituíntes do corpus segundo a súa orixe:

1 A primeira parte deste traballo publícase en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira Fernández (eds.) (2008): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade.

PERSONAXES LITERARIOS	<i>Celestina, Don Juan (Donjuán, Don Xoán, Donxoán), Lolita, Quasimodo, Quixote, Sherlock Holmes</i>
PERSONAXES BÍBLICOS	<i>Adán, Lázaro, Madalena, Xudas</i>
PERSONAXES MITOLÓXICOS	<i>Adonis, Afrodita, Narciso, Venus</i>
DEPORTISTAS	<i>Fangio, Fitipaldi, Poulidor</i>
PERSONAXES RICOS	<i>Mecenas, Rockefeller, Onassis</i>
PERSONAXES DE INFLUENCIA POLÍTICA	<i>Maquiavelo, Rasputín</i>
PERSONAXES DO CINE / TELEVISIÓN	<i>Rambo, Supermán</i>
ACTORES	<i>Rodolfo Valentino</i>
ARTISTAS	<i>Picasso</i>
AVENTUREIROS	<i>Casanova</i>
ESPÍAS	<i>Mata-Hari</i>
PERSONAXES DE CÓMICOS	<i>Supermán</i>
MONECOS	<i>Barbie</i>

Aínda que os datos relativos á orixe das unidades deban ser tomados con cautela ao tratarse dun repertorio parcial e constituído en boa medida a partir do propio coñecemento da autora do traballo, si poden ser cando menos indicadores de cales son os eidos máis propicios para a lexicalización de antropónimos figurados. Malia que en termos absolutos son lixeiramente máis numerosos os personaxes non-ficticios, cómpre destacar a importancia cuantitativa, en termos relativos, dos personaxes ficticios, na medida en que o número de personaxes reais coñecidos en xeral por toda a sociedade e, daquela, susceptibles de sufriren un proceso de figuración e de lexicalización é bastante superior ao número dos ficticios. Probablemente a explicación desta situación poida atoparse, por un lado, na tendencia dos autores (literarios, cinematográficos...) á formación de prototipos que, como tales, son candidatos ideais para a simbolización e posterior lexicalización, e por outro lado na perdurabilidade outorgada pola obra literaria (cinematográfica...) ao individuo portador do contido figurado, o cal favorece o proceso de lexicalización. Por outra banda, debe facerse ver que nalgúns casos, o coñecemento sobre os personaxes reais vehicúlase a través da literatura ou do cine (é o caso de Casanova, coa súa autobiografía e as películas xeradas a partir desta).

Comentario á parte merecen os antropónimos *xan* e *maruja*, cuxa orixe non se debe buscar nun personaxe en particular. Moi ao contrario, a xustificación da súa fixación debe procurarse na frecuencia de emprego dos respectivos nomes². A causa

2 *Maruja*, por suposto, é un estranxeirismo de orixe castelá introducido no galego.

desta frecuencia, un *xan* é un calquera, e un calquera é unha persoa que se deixa manipular por todos (e, moi en especial, dada a peculiaridade da nosa sociedade, pola súa esposa). Do mesmo modo, xeneralizouse un nome moi frecuente entre as mulleres que non traballan fóra da casa (Maruja, hipocorístico de María, habitual nas mulleres de certa idade, pero moi raro entre a xente nova) para designar pexorativamente as amas de casa, esencialmente as de nivel cultural baixo. É posible que o substantivo *dandi* non teña tampouco na súa orixe un referente particular, pero dada a súa etimoloxía escura (comentada na nota 8 da primeira parte), toda hipótese ao respecto é moi aventurada³.

Tanto os personaxes reais como os ficticios poden ser portadores de contidos positivos ou negativos⁴.

POSITIVOS	
FERMOSURA	<i>Adonis, Afrodita, Venus</i>
DOTES PARA A CONDUCCIÓN	<i>Fangio</i>
RIQUEZA	<i>Onassis, Rockefeller</i>
SAGACIDADE	<i>Sherlock Holmes</i>
DOTES PARA A PINTURA	<i>Picasso</i>
PROTECCIÓN E APOIO INTELLECTUAL	<i>Mecenas</i>
CAPACIDADES SUPERIORES	<i>Supermán</i>
NEGATIVOS	
DESLEIXAMENTO	<i>Adán</i>
FEALDADE	<i>Quasimodo</i>
FRIVOLIDADE	<i>Barbie</i>
SIMPLEZA	<i>Maruja</i>
VIOLENCIA	<i>Rambo</i>
TRAICIÓN	<i>Xudas</i>
MALDADE	<i>Xudas</i>

3 Se *dandi* resulta do emprego figurado de *Dandy*, hipocorístico de *Andrew*, é posible que o seu significado resulte da asunción dos valores connotativos asociados ás persoas portadoras dese nome na época en que se produciu a recategorización. Notese, por exemplo, que en castelán o nome *Borja* se asocia con determinado tipo de persoa e clase social e o mesmo sucede con *Ashley* en inglés. Nestes dous casos, no entanto, polo momento non chegou a haber recategorización.

4 Emprego etiquetas moi esquemáticas para a marcación dos valores portados polas unidades. Para o significado completo das expresións, vid. o Apéndice na primeira parte do traballo.

APOUCAMENTO	<i>Xan</i>
NARCISISMO	<i>Narciso</i>
SECUNDARIEDADE	<i>Poulidor</i>
INTERMEDIACIÓN AMOROSA	<i>Celestina</i>
POBREZA	<i>Lázaro</i>
ENFERMIDADE	<i>Lázaro</i>
TRISTEZA	<i>Madalena</i>
ENGANO	<i>Maquiavelo, Rasputín</i>
POSITIVOS + NEGATIVOS	
SEDUCIÓN	<i>Casanova, Don Juan, Rodolfo Valentino. Lolita, Mata-Hari</i>
ELEGANCIA E AFECTACIÓN	<i>Dandi</i>
CONDUCCIÓN RÁPIDA	<i>Fitipaldi</i>
IDEALISMO	<i>Quixote</i>

Como cabía esperar, os antropónimos figurados son portadores maioritariamente de contidos negativos, aínda que esta preponderancia é máis patente no número de contidos ca no número de expresións⁵. Con respecto ao tipo de contido vehiculado, atopamos tanto caracterizacións físicas (fealdade, fermosura), como psicolóxicas (sagacidade, idealismo), como materiais (riqueza, conducción rápida), aínda que as valoracións psicolóxicas son maioritarias. É unha vez máis o esperable, tendo en conta o papel fundamental da linguaxe figurada como transmisora de contidos abstractos (vid. a este respecto, por exemplo, Lakoff / Johnson 1980 ou Kövecses 2002).

As estruturas comparativas

Todos os antropónimos que constitúen o corpus admiten a construción atributiva non-comparativa: “ser un supermán”, “ser unha lolita”, “ser un xan”, “ser un fitipaldi”... O comportamento destes substantivos é similar ao que presentan outros caracterizadores de orixe non-antroponímica (*traidor, sedutor, porco...*). A estrutura

5 Dobrovol'skij (1992) sinala que a preponderancia das valoracións negativas nas unidades fraseolóxicas é un universal lingüístico. En realidade, esta afirmación debe estenderse á linguaxe figurada en xeral.

comparativa atributiva sen base de comparación explícita⁶ (“Pepe é coma un donxoán”, “Pepe é coma un sedutor”) resulta relativamente pouco frecuente en ambos os casos polo carácter xenérico do segundo termo da comparación (cf. a maior normalidade de, por exemplo, “Pepe é coma Migueliño do Forneiro, que as conquista a todas”), o que non quita que o poidamos atopar, se se desexa evitar unha atribución de clase (cf. Pepe é un donxoán, con atribución de clase e Pepe *é coma* un donxoán, sen atribución).

Pola contra, e como tamén cabía esperar, a construción comparativa é perfectamente habitual en esquemas non-atributivos nos que a frase introducida por *coma / como* posúe un valor modal (“fala coma un donxoán” cf. “fala coma un sedutor”, “vive coma un onassis”, “viste coma unha lolita”)⁷. Agora ben, cando a base de comparación é precisamente a característica da que o antropónimo é un exemplo prototípico, en xeral, a estrutura comparativa, que adquire un valor ponderativo (cuantitativo ou cualitativo), resulta estraña: ? “Pepe é rico coma un Onassis”, ? “Luís é astuto coma un Maquiavelo”, ? “Carlos pinta coma un Picasso”. En tales casos, caben en boa lóxica dúas opcións para levar a cabo a asignación de propiedades: 1) dado que o segundo termo da comparación (*un Onassis, un Maquiavelo*) é o hiperónimo do primeiro termo (o individuo en cuestión que se está a caracterizar), pode empregarse a estrutura atributiva non-comparativa (“Pepe é un Onassis”, “Luís é un Maquiavelo”, co mesmo valor ponderativo da riqueza ou da astucia das oracións que acabamos de comentar); 2) pódese empregar a comparación directa co antropónimo non-recategorizado (“rico coma Onassis”, “astuto coma Maquiavelo”), sempre que se manteña viva a xustificación para a comparación: ? “sucio coma Adán”). Se o que o falante desexa é incluír o individuo que se quere caracterizar nunha clase (a dos ricos, a dos astutos), a estrutura comparativa está de máis. Se o que desexa é establecer unha comparación, é o artigo

6 Como se sabe, a base de comparación é a propiedade ou aspecto sobre o que esta se establece. Así, en “Ana é máis alta ca Luísa”, a base de comparación é a altura.

7 Nótese que estas frases non son intercambiáveis, cando menos para moitos falantes, polas construcións con substantivo non-recategorizado. “Fala coma *un donxoán*” toma como segundo termo a clase *donxoán* e “fala coma *Don Xoán*” o personaxe literario. A información sobre as particularidades locutorias da clase e do individuo non teñen por que coincidir, esencialmente no sentido de que para moitos falantes os contidos ligados ao personaxe limitáanse á súa consideración coma un sedutor, coma un home cun especial afán por seducir mulleres, sen que teña que haber almacenada información sobre as peculiaridades da súa forma de falar, agás de forma indirecta (paradoxalmente, a través da súa inclusión na clase dos *donxoáns*). Pola contra, o coñecemento almacenado sobre os donxoáns da vida cotiá si encerra unha serie de pautas de comportamento, que inclúen a facilidade para namorar a través da palabra.

indefinido o elemento que sobra, posto que resulta moito máis axeitado o cotexo de elementos concretos e individuais. Así pois, a opción con estrutura comparativa e artigo indefinido resulta bastante custosa⁸.

Agora ben, no caso de que precisamente queiramos establecer unha comparación (e non unha asignación a unha clase) e non poidamos empregar como segundo termo da comparación o antropónimo non-recategorizado non queda outro remedio que utilizar a estrutura comparativa con artigo indefinido. É o que sucede co substantivo *dandi*, cuxa vinculación co antropónimo orixinario se perdeu (“*elegante coma Dandy”⁹). Así, se caracterizamos a alguén de “elegante coma un dandi” ponderamos a elegancia do individuo en cuestión, pero de feito non o incluimos na clase *dandi*, representada por outros trazos ademais da elegancia (refinamento, afectación), que non ten por que compartir o primeiro termo da comparación¹⁰.

Atopamos, no entanto, algunha aparente excepción ao comportamento xeral xa comentado. Por unha banda, rexistramos a expresión comparativa *chorar máis ca / coma unha madalena* (e *parecer unha madalena*), con artigo indefinido. En realidade, non se trata dunha excepción, pois o substantivo *madalena* ten en tales exemplos unha recategorización só mediata. Isto é, en *chorar máis ca / coma unha madalena* e *parecer unha madalena* estamos empregando o nome común *madalena*, de significado ‘muller que, nas procesións da Semana Santa, representa o sufrimento de Magdalena e acompaña a Xesús’ e é este nome común o que resulta dunha extensión do antropónimo *Magdalena*. De por parte, cómpre sinalar que cando menos moitos falantes rexeitan estruturas atributivas non-comparativas do tipo “é unha madalena” onde *madalena*

8 Nótese que no caso das estruturas arriba comentadas, sen base de comparación explícita, a comparación co antropónimo non-recategorizado (“é coma *Don Xoán*”) non equivale á comparación co antropónimo recategorizado (“é coma *un donxoán*”). “É coma *Don Xoán*” ten como segundo termo da comparación o personaxe literario e podería en principio tomar como base de comparación calquera característica deste, física ou psicolóxica, coñecida polo falante, fronte ao que sucede con “é coma *un donxoán*”. No entanto, cando a base de comparación está explícita (astuto coma (un) Maquiavelo) non hai dúbida sobre o sentido da frase e ambas as construcións son semanticamente equivalentes. Así pois, e en relación tamén ao comentado na nota anterior, tanto “fala coma *Don Xoán*” como “é coma *Don Xoán*” establecen unha vinculación directa co personaxe literario que vai máis alá ou podería ir máis alá do coñecemento xeral que sobre el comparte a comunidade.

9 Se a hipótese comentada na nota 3 é atinada, a xustificación da imposibilidade de empregar a estrutura sen artigo tería que ver co feito de que *Dandy* en ningún momento designou un individuo particular.

10 Probablemente a perda de relación co antropónimo orixinario é o que explica a presenza de construcións como “conducir / ir... coma un Fitipaldi” (a carón de “conducir / ir... coma Fitipaldi”, que porén algúns falantes non aceptan). Cf. o distinto grao de estrañeza de ? “pinta coma un Pícaso”.

significaría ‘persoa que chora moito, choromicas’. Si pode utilizarse, segundo recolle o *Gran Dicionario Xerais da Lingua*, cun significado moi próximo de ‘muller penitente’¹¹.

Tamén podemos atopar a construción comparativa en combinación co artigo indefinido cos substantivos *venus*, *adonis* e *afrodita* (“fermosa coma unha venus”, “fermoso como un adonis”, “fermosa coma unha afrodita”). Porén, existe unha vez máis unha xustificación para este comportamento. Nestes exemplos cando menos, *venus*, *adonis* e *afrodita* non se refiren directamente aos deuses correspondentes, senón ás súas representacións (esculturas ou pinturas). En realidade, esta mesma explicación sería aplicable ao caso anterior, onde cabe a posibilidade de que *unha madalena* se refira á representación escultórica ou pictórica desta muller, sempre con bágoas na faciana.

O xénero

O referente do antropónimo que dá lugar ao nome de clase pertence a un sexo determinado, pero no entanto, é frecuente que o substantivo recategorizado poida empregarse tanto para a designación de homes como de mulleres (tal e como sucede coa gran maioría dos restantes nomes de clase, *un sedutor / unha sedutora*). Desta maneira, atopamos substantivos que concordan con determinantes e adxectivos de ambos os xéneros, sen variación formal da palabra (con sincretismo de xénero)¹²: *un / unha fitipaldi*, *un / unha onassis*, *un / unha Sherlock Holmes*, *un / unha casanova*, *un / unha mecenas*, *un / unha xudas*, *unha / un mata-hari*, *un / unha picasso*. Cómpre sinalar, porén, que parecen ser sempre máis frecuentes os exemplos nos que o sexo do referente coincide co sexo do antropónimo orixinario. Este feito é unha mostra máis da pervivencia deste último como imaxe subxacente, aínda que nalgúns casos tamén pode influír na circunstancia comentada a propia semántica dos nomes de clase. Así, por exemplo, o papel de ‘persoa que consegue información a través da sedución’ é atribuído con maior frecuencia á muller ca ao home na nosa sociedade, o que contribúe a explicar a maior presenza de exemplos de *unha mata-hari* antes ca de *un mata-hari*. O mantemento da

11 Parece que estamos ante un valor máis amplo ca o comentado arriba en relación ás procesións de Semana Santa. Unha *madalena* é unha muller que sofre unha gran dor e arrepentimento: “Agardabamos que saíra da xeira amorosa para verlle os ollos pecaminosos, e as maneiras dunha *magdalena* arrepentida” (Sindo Seixido, *A gloria é un afiador*. Sada: O Castro, 1992). É o único exemplo atopado con este valor no TILG (non encontrei ningún exemplo no CORGA).

12 Atopei exemplos na Internet de todas as posibilidades que se indican, pero non sempre para o galego (si para o portugués, castelán, catalán, italiano e/ou francés). Se non hai exemplos galegos, para a posibilidade de formulación en galego guíome pola miña intuición lingüística e pola doutros falantes.

imaxe tamén se pon de relevo na posibilidade de empregar algúns deses termos conservando o xénero correspondente ao referente orixinario e introducindo ao seu carón un elemento explicativo do tipo “masculino”, “feminino” ou similar: “un sherlock holmes feminino”, “unha mata-hari de sexo masculino”... A mesma aclaración pode aparecer tamén aínda cando o determinante sexa desambiguador: “unha sherlock holmes feminina”. E é mesmo posible o emprego sen o elemento explicativo: “nena, que perspicacia, es un sherlock holmes”. Tales exemplos poñen de manifesto a influencia dunha imaxe asociada cun sexo determinado ao que se contrapón o sexo do referente que se quere caracterizar mediante o substantivo.

Agora ben, nesta mesma liña de pervivencia do valor orixinario, debe terse en conta que cando o substantivo presenta unha forma asociada esencialmente a mulleres ou a homes (normalmente un nome de pía feminino ou masculino, identificable claramente como tal), resulta habitualmente moi forzado o cambio de referente, de modo que son estrañas combinacións como ? *un madalena*, ? *un lolita*, ? *unha narciso*, ou ? *unha don xoán*¹³. Parece que estes exemplos ganan en aceptabilidade cando se fan acompañar dunha aclaración das arriba comentadas tipo “masculino”, “feminino” ou similar (“unha narciso feminina”) (e, por suposto, tamén “un narciso feminino”)¹⁴.

Algúns dos substantivos comentados poden presentar no discurso, esporadicamente, variación formal, pero adoito cun carácter humorístico. Estaríamos ante

13 Na rede atopei, no entanto, exemplos dalgunhas destas combinacións, en diferentes linguas (os destacados son meus):

“Al final de la serie... que mal lo pase, llorando y todo como *un madalena*”

(<http://amuchamu.bitacorras.com/archivos/2005/01/07/anime-full-metal-alchemist>) [2/10/2006].

(non é descartable que se trate dunha errata, aínda que non é o único exemplo encontrado)

“Etrange idée que Carmen pour une musique de mariage, elle qui représente la femme libre avant tout, qui refuse toute d’attache et veut vivre ses plaisirs au moment où elle en a envie sans se soucier de ceux qu’ elle détruit..... *une Don Juan* en quelque sorte !!!!!”

(http://forum.aufeminin.com/forum_f16700_Loisirs1_Je_recherche_les_paroles_de_l_opera_carmen_de_bizet_fou_.html) [2/10/2006].

14 En realidade, outros modificadores que podemos atopar no discurso son tamén unha mostra da pervivencia do significado orixinario no funcionamento do substantivo recategorizado. En tales modificadores sinálase algunha característica do novo referente, moitas veces escasamente informativa en por si, pero que contrasta coas características do referente do antropónimo primitivo, o cal, daquela, debe activarse na decodificación do enunciado (os destacados son meus):

“Outro denodado ‘conselheiro’, o gauleiter para a área da comunicação, que, com sua barbicha, possivelmente se considera *um Rasputin brasileiro*, a manejar dos bastidores os cordéis do Poder”

(observatorio.ultimosegundo.ig.com.br/artigos.asp?cod=277ASP024) [2/10/2006].

“Casi como una retransmisión en directo de todo lo que ocurrió durante esos cuatro días a los que alude el título puede leerse este libro, que salta con agilidad de un escenario a otro y de cada información a cada duda, sin opinar más de lo necesario (aunque deja clara su imagen de Alfredo Pérez Rubalcaba como *un Maquiavelo moderno*)”

exemplos equiparables a *gaiivoto* ou *soldada*, nos que os substantivos en principio invariables *gaiivota* e *soldado* sofren variación formal para reflectir máis axeitadamente o sexo do referente: *unha picassa*, *unha supermana* (a carón de unha *superwoman*), *unha quixota*, *unha rasputina*, *unha quasimoda*, *un marujo*... Porén, variacións probablemente sentidas como humorísticas nun primeiro momento ou, en calquera caso, chocantes, poden pasar a percibirse, grazas á súa repetición, como perfectamente normais e daquela, poden ser merecentes de reflectirse no dicionario. Así, da mesma maneira que hoxe escoitamos sen que nos chame a atención *xuíza* ou *avogada*, *celestino* ou *adana* son formas empregadas cando menos por algúns falantes, sen que haxa consciencia de que se trata dunha manipulación dun substantivo invariable.

Cabo

Os dous aspectos que acabo de comentar poden ser unha boa proba de que baixo unha primeira aparencia caótica en determinado comportamento lingüístico adoita haber unha explicación lóxica e pouco sitio para a arbitrariedade e, ademais, de que esa explicación debe buscarse adoito (no caso das expresións figuradas) na imaxe subxacente, que puxa cara a si, que se quere facer ver e que condiciona en boa medida o funcionamento no discurso das expresións. Non é para menos, poderíamos dicir, posto que a súa presenza (figuración) e a súa influencia (motivación) é moi importante para a pervivencia dunha unidade. Como sinala Xesús Ferro Ruibal (1996: 56),

a transformación social vai escurecendo a motivación dalgunhas expresións e pode volvelas arcaicas. Un primeiro efecto disto é que paseniñamente vaian desaparecendo da boca da xente nova, porque os vellos aínda manteñen viva a memoria da sociedade que viviron na súa mocidade.

Por suposto, esas unidades desaparecidas e máis en concreto, os substantivos recategorizados, irán sendo substituídos por outros nun proceso produtivo, pero só unhas poucas expresións acadarán o status de unidades plenamente lexicalizadas, pertencentes ao acervo lingüístico de cando menos boa parte da comunidade galega. Probablemente nuns cantos anos os nosos fillos xa non dirán que alguén é *un fitipaldi* ou *un rambo* (nós probablemente si o sigamos dicindo), pero de seguro que habrá novos

(www.aiesec.org.mx/boards/viewtopic.php?t=9) [2/10/2006].

Nótese como os restritores son pouco informativos no sentido de que os lectores moi probablemente xa coñecen a orixe do conselleiro e a contemporaneidade de Pérez Rubalcaba. Tales restritores só teñen sentido, daquela, como marcadores dun contraste co Rasputín ruso e o Maquiavelo renacentista. Sobre estes complementos, vid. Jonasson (1991).

superpilotos e novos individuos violentos e destrutores que, coas súas propias imaxes e matices de significado, irán facendo a remuda e ocupando paseniñamente, con maior ou menos xustiza, un lugar nos lexicóns mentais dos galego-falantes.

Bibliografía

- ÁLVAREZ, R. / X. XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia.
- CABRÉ, M. T. et alii (2000): “Nombre propio y formación de palabras”, en G. Wotjak (ed.), *En torno al sustantivo y al adjetivo en el español actual. Aspectos cognitivos, semánticos, (morfo)sintácticos y léxicogenéticos*. Frankfurt / Madrid: Vervuert / Iberoamericana, 191-206.
- CORGA = ROJO, G. (coord.): *Corpus de referencia do galego actual*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://corpus.cirp.es/corgaxml>) [2/10/2006].
- DOBROVOL'SKIJ, D. (1992): “Phraseological Universals: theoretical and applied perspectives”, en M. Kefer / J. van der Auwera (eds.), *Meaning and Grammar. Cross-Linguistic Perspectives*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter, 279-301.
- FERRO RUIBAL, X. (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. A Coruña: Real Academia Galega.
- JONASSON, K. (1991): “Les noms propres métaphoriques: construction et interprétation”, *Langue Française* 92, 64-81.
- KÖVECSES, Z. (2002): *Metaphor. A Practical Introduction*, Oxford: Oxford University Press.
- LAKOFF, G. / M. JOHNSON (1980): *Metaphors We Live By*, Chicago / London: The University of Chicago Press.
- TILG = SANTAMARINA, A. (dir.): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: USC (<http://www.ti.usc.es/TILG>) [2/10/2006].